# DRUPAL - PAXINA WEB DO CENTRO - ADMINISTRADORES

**Enlace ao curso de Drupal de Webs Dinámicas:**

https://www.edu.xunta.gal/centros/websdinamicas/aulavirtual/course/view.php?id=43

**Para administradores, configuración básica:**

## 1. Crear categorías dentro dos menús:

**Inicio » Administrar » Administración do contido » Taxonomía**




A creación da taxonomía non implica a creación automática dun menú. O normal é crear un menú de igual nome que o vocabulario (termo principal) creado na taxonomía e vincular ese termo principal ao menú na súa configuración, no apartado *Taxonomy menu*:




## 2. Ver o listado de menús e engadir novos menús:

**Inicio » Administrar » Construción do sitio » Menús**



O menú principal da páxina web é o denominado *Primary links*:




Unha vez creados os menús, hai que configurar que se mostran e en qué lugar da páxina se mostran. Isto faise mediante *Bloques*:

**Inicio » Administrar » Construción do sitio » Bloques**




Dentro da Configuración de cada bloque, unha opción interesante é *Collapsible*, que permite que o usuario poida contraer ou non ese bloque:




Unha opción a ter en conta cos bloques é a posibilidade de incluir unha imaxe do centro na parte superior da páxina web. Habería que crear un bloque (que se podía chamar Imaxe cabeceira, por exemplo) e colocalo na área *Top content*.







## 3. Cambiar o tamaño dos ficheiros adxuntos que se poden subir:

**Inicio » Administrar » Configuración do sitio » Ficheiros cargados**



## 4. Configurar o estado das publicacións (páxinas).

É interesante controlar a configuración de dúas características:

4.1. **Inicio** » **Administrar** » **Administración do contido** » **Configuración do artigo**




Configuraremos o **número de entradas** na páxina principal da web e **a lonxitude dos envíos recortados**. Podemos indicar o número de caracteres que queremos que se amosen na páxina principal. Se se quere leer o resto do artigo o usuario ten que premer en *Ler mais*. **Se deixamos seleccionado *Ilimitado*, amosarase na páxina principal todo o contido da entrada.**

4.2. **Inicio** » **Administrar** » **Administración do contido** » **Tipos de contido** » **Páxina**

O máis interesante desta opción é *Opcións de fluxo*. **Por defecto as páxinas publicadas terán o estado de *Publicado***, pero non aparecerán na páxina principal. Se marcamos tamén *Promocionado á páxina principal*, *todas* as páxinas publicadas aparecerán na páxina principal da web:




Dende webs dinámicas recomendan deixar marcado só a opción de *Publicado*. De este xeito só os administradores poderán promocionar o contido á páxina principal. Na opción: **Inicio** » **Administrar** » **Administración do contido** » **Contido**.

Se queremos que sexan os usuarios os que poidan seleccionar se promocionan á páxina principal ou non, temos que cambiar a configuración dos roles. Na opción: **Inicio** » **Administrar** » **Xestión de usuarios/as** » **Roles**, temos que outorgar ao rol que queiramos (profesorado, por exemplo), a opción de Administrar nodos:




## 5. Configurar usuarios (ver lista de usuarios, editar, engadir, eliminar):

**Inicio** » **Administrar** » **Xestión de usuarios/as** » **Usuarios**




## 6. Configurar a creación de blogues educativos.

Se queremos que os usuarios da web podan crear blogues na propia páxina web, hai que configurar Drupal para que os usuarios podan crealos. Está todo explicado paso por paso no seguinte enlace:

https://www.edu.xunta.gal/centros/websdinamicas/aulavirtual/pluginfile.php/5826/mod_resource/content/5/blogs/index.html